



A experiencia "Contramaré" (e 2)

MIGUEL - CONTRAMARÉ :: 05/12/2003

Aportación (en galego y castellano) al debate "Los límites de la contrainformación y la comunicación de masas".

[galego]

O procedemento seguido foi o seguinte:

-Lista de correo na que se deron de alta e participaron todas as persoas que quixeron.

Por medio de esta lista calquera persoa pode propoñer artigos para a súa publicación, facer crítica e corrección dos mesmos, realizar convocatorias, difundir novas...en resumo: organizarnos.

-Redacción de artigos que van dende os artigos de opinión, a reportaxes, entrevistas, material gráfico, convocatorias de movilizacións...

-Reunións. Previo debate na lista, convócanse xuntanzas nas que en pe de igualdade, sen "comites de redacción" nin dirixencias, participan as persoas que así o desexan. Nestas xuntanzas decídese provisionalmente o contido de cada boletín que é sometido posteriormente a todo o colectivo por medio da lista.

-Elaboración do boletín. Unha vez decididos os contidos coa participación de todos na redacción, maquetación, grafismos, corrección lingüística (Máis abaixo nos referiremos á cuestión da lingua), cada quen según a súa vontade, habilidades e capacidade de traballo colabora na edición do boletín.

Unha vez elaborado o boletín volve a exporse na lista a fin de que poida ser visionado antes da súa edición definitiva. Tamén gracias ó traballo de membros do colectivo os boletíns son traducidos a varios idiomas. En relación coa lingua cada redactora emprega a norma que lle parece máis axeitada, con total liberdade.

-Páxina web. Transcurrido certo tempo dende a aparición de Contramaré e coa colaboración de algúns dos seus membros, xurde a páxina web no dominio www.contramare.org, na que se colocan os números do boletín, se recollen artigos, propostas de artigos e novas e se presenta ó colectivo dando conta da lista de distribución. Nun primeiro momento contén un foro que logo é retirado debido ás "contaminacións" habituais que o fixeron pouco útil. Esta ferramenta convive coa lista de correo orixinal.

-Distribución.- Contramaré é de balde. O seu prezo é cero e os seus custos son asumidos polo colectivo. O funcionamento é o seguinte. Quen quere baixa o boletín, ben da páxina web, ben da lista. Cada quen imprime e fotocopia os exemplares que quere e pode. E cada quen distribue gratuitamente eses exemplares donde quere e pode: individuos, asociacións de todo tipo (culturais, xuvenís, deportivas, veciñais), bares, locais públicos (teatros, cines), quiosques de prensa, centros educativos e sanitarios, manifestacións e actos públicos

e, ocasionalmente, na rúa. Sempre se insiste en que o boletín quede nos locais para que o lea quen queira e se alguén desexa levar un exemplar debe fotocopialo. Tamén se editan cartaces e se dan indicacións para que calquera que teña nas mans un contramaré o fotocopie e o distribua de seu. Tamén se distribue vía correo electrónico.

Os resultados deste sistema de distribución:

Custo cero (ou case). Cadaquen imprime e fotocopia os exemplares que pode. Hai quen paga as fotocopias do seu peto e hai quen aproveita a disponibilidad de medios de edición nos seus respectivos lugares de traballo para tirar o que pode.

Máis de 16.000 exemplares editados e distribuídos repartidos en cinco números.

¿O número de lectoras e lectores?. Non somos quen de calculalo. O certo é que, non sen certa sorpresa pola nosa parte, Contramaré é moi coñecido en Galiza como podemos comprobar cando acudimos a algún acto público ou manifestación, onde normalmente se agota en poucos minutos.

A evolución de Contramaré

Un boletín xurdido nun intre de grande mobilización social pode desaparecer, lóxicamente, cando esa mobilización cesa. Non parece ser este o caso.

Contramaré xurde potente contra a marea negra e o chapapote do mal goberno e da manipulación informativa, incidindo no número dous no insulto chamado Plan Galicia e nas redes caciquís, máis xa no número tres se fai eco tamén da reforma do código penal que lesiona os dereitos cidadáns e das accións represivas, nomeadamente o peche de Egunkaria, e no número catro a invasión criminal do Iraqe pasa a primeiro plano, demostrándonos que todo está relacionado.

Dende entón a edición de Contramaré entrou nun impasse. Analizar as causas posiblemente sería obxecto dun debate aínda pendente. O que para moitos foi un fiasco electoral nas municipais, a nosa incapacidade (agardamos que momentánea) para implicar a máis colectivos e persoas no proxecto, ou a viraxe nas actuacións da dirixencia da plataforma Nunca Máis, sobre a que non me vou extender poden explicar ese “parón”.

En calquera caso, somos moitas e moitos os que consideramos que o proxecto é válido e viable, que debe participar moitísima máis xente e, sobre todo, que hai moita xente agardando polo número cinco de Contramaré. Se o proxecto funcionou, ¿pode seguir funcionando?, ¿pode extenderse a outros espazos?. Depende, como todo, das persoas, das que estamos, das que estiveron e das que deberan estar...de tod@s.

[castellano]

El procedimiento seguido fue el siguiente:

-Lista de correo en la que se dieron de alta y participaron todas las personas que quisieron. Por medio de esta lista cualquier persona puede proponer artículos para su publicación, hacer crítica y corrección de los mismos, realizar convocatorias, difundir noticias... en resumen: organizarnos.

-Redacción de artículos que van desde los de opinión, a reportajes, entrevistas, material gráfico, convocatorias de movilizaciones...

-Reuniones. Previo debate en la lista, se convocan reuniones en las que en pie de igualdad, sin "comites de redacción" ni dirigencias, participan las personas que así lo desean. En estas reuniones se decide provisionalmente el contenido de cada boletín que es sometido posteriormente a todo el colectivo por medio de la lista.

-Elaboración del boletín. Una vez decididos los contenidos con la participación de todos en la redacción, maquetación, grafismos, corrección lingüística, cada quien según su voluntad, habilidades y capacidad de trabajo colabora en la edición del boletín.

Una vez elaborado vuelve a exponerse en la lista a fin de que pueda ser visionado antes de su edición definitiva. También gracias al trabajo de miembros del colectivo los boletines son traducidos a varios idiomas. En relación con la lengua cada redactora emplea la norma que le parece más adecuada, con total libertad.

-Página web. Transcurrido cierto tiempo desde la aparición de Contramaré y con la colaboración de algunos de sus miembros, colgamos la página web en el dominio www.contramare.org, en la que se colocan los números del boletín, se recogen artículos, propuestas de artículos y noticias y se presenta al colectivo dando cuenta de la lista de distribución. En un primer momento contiene un foro que más tarde es retirado debido a las "contaminaciones" habituales que lo hicieron poco útil. Esta herramienta convive con la lista de correo original.

-Distribución.- Contramaré es gratuito. Su precio es cero y sus costes son asumidos por el colectivo. El funcionamiento es el siguiente. Quien quiere baja el boletín, bien de la página web, bien de la lista. Cada quien imprime y fotocopia los ejemplares que quiere y puede. Y cada quien distribuye gratuitamente esos ejemplares donde quiere y puede: individuos, asociaciones de todo tipo (culturales, juveniles, deportivas, vecinales), bares, locales públicos (teatros, cines), quioscos de prensa, centros educativos y sanitarios, manifestaciones y actos públicos y, ocasionalmente, en la calle. Siempre se insiste en que el boletín quede en los locales para que lo lea quien quiera y si alguien desea llevar un ejemplar debe fotocopiarlo. También se editan carteles y se dan indicaciones para que cualquiera que tenga en sus manos un contramaré lo fotocopie y lo distribuya de motu proprio. También se distribuye vía correo electrónico.

¿Los resultados de este sistema de distribución?:

Coste cero (o casi). Cada una imprime y fotocopia los ejemplares que puede. Hay quien paga las fotocopias de su bolsillo y quien aprovecha la disponibilidad de medios de edición en sus respectivos lugares de trabajo para hacer la tirada.

Más de 16.000 ejemplares editados y distribuidos, repartidos en cinco números.

¿El número de lectoras y lectores?. No podemos calcularlo. Lo cierto es que, no sin cierta sorpresa por nuestra parte, Contramaré es muy conocido en Galiza como podemos comprobar cuando acudimos a algún acto público o manifestación, donde se agota en pocos minutos.

La evolución de Contramaré

Un boletín nacido en un momento de gran movilización social puede desaparecer, lógicamente, cuando esa movilización cesa. No parece ser este el caso.

Contramaré surge potente contra la marea negra y el chapapote del mal gobierno y de la manipulación informativa, incidiendo en el número dos en ese insulto llamado Plan Galicia y en las redes caciquiles, más ya en el número tres se hace eco también de la reforma del código penal que lesiona los derechos ciudadanos y de las acciones represivas, significadamente el cierre de Egunkaria. Y en el número cuatro la invasión criminal de Iraq pasa a primer plano, demostrándonos que todo está relacionado.

Desde entonces la edición de Contramaré entró en un impasse. Analizar las causas será objeto de un debate aún pendiente. Lo que para muchos fue un fiasco electoral en las municipales, nuestra incapacidad (esperamos que momentánea) para implicar a más colectivos y personas en el proyecto, o el viraje en las formas de proceder de la dirigencia de la plataforma Nunca Más, sobre la que no me voy a extender, pueden explicar ese “parón”.

En cualquier caso, somos muchas y muchos los que consideramos que el proyecto es válido, viable y, sobre todo, necesario. Que debe participar muchísima más gente y, además, sabemos que hay más esperando la salida del número cinco de Contramaré. Si el proyecto funcionó, ¿puede seguir funcionando?, ¿puede extenderse a otros espacios?. Depende, como todo, de las personas; de las que estamos, de las que estuvieron y de las que deberían estar... de tod@s.

https://www.lahaine.org/est_espanol.php/a-experiencia-contramare-e-2